



**Instruções internas de contratación da
Fundación Pública Galicia Europa
de acordo co Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo
que se aproba o texto refundido da Lei de
Contratos do Sector Público**



ÍNDICE

I. OBXECTO E ÁMITO DE APLICACIÓN DAS INSTRUCIÓN

1. *Obxecto e finalidade*
2. *Ámbito de aplicación*
3. *Negocios e contratos excluídos*

II. CUALIFICACIÓN DOS CONTRATOS E RÉXIME XURÍDICO

4. *Cualificación dos contratos*
5. *Contratos suxeitos a unha regulación harmoniza*
6. *Carácter privado de los contratos*
7. *Xurisdición competente*

III. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN E ELEMENTOS ESTRUCTURAI

III.1. DISPOSICIÓN

8. *Necesidade e idoneidade do contrato.*
9. *Prazo de duración dos contratos*
10. *Liberdade de pactos*
11. *Contido mínimo de contrato*
12. *Perfección dos contratos*
13. *Carácter formal da contratación.*
14. *Remisión de información para os efectos estatísticos e de fiscalización*
15. *Arbitraje*
16. *Réxime de nulidade ou invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.*
17. *Recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais*

III.2. PARTES NO CONTRATO

18. *Competencia para contratar*
19. *Responsable do contrato*
20. *Perfil de contratante*
21. *Capacidade e solvencia do empresario*

III.3. OBXECTO, PREZO E CONTÍA DO CONTRATO

22. *Obxecto, prezo e contía do contrato*

III.4. AS GARANTÍAS NA CONTRATACIÓN

23. *Esixencia de garantías*

IV. PREPARACIÓN DOS CONTRATOS

- IV.1. **REGRAS DE PREPARACIÓN EN CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA E CONTRATOS DE SERVIZOS COMPRENDIDOS NAS CATEGORÍA 12 A 27 DO ANEXO II DE CONTÍA IGUAL OU SUPERIOR Á SINALADA NO ARTIGO 16.1.b DO TRLCSP**



IV.1.1. Contido do expediente de contratación

- 24. *Aplicación do artigo 121.1 do TRLCSP*
- 25. *Contido mínimo do expediente de contratación*

IV.1.2. Tramitación e aprobación do expediente

- 26. *Regras procedimentais aplicables*
- 27. *Reglas procedimentais aplicables en supostos de urxencia e emerxencia*

IV.1.3. Regras especiais para a preparación de determinados contratos

- 28. *Reglas aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras*
- 29. *Reglas aplicables ás actuacións preparatorias dos contratos de concesión de obras*
- 30. *Reglas aplicables ás actuacións preparatorias dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.*

IV.2. REGLAS DE PREPARACIÓN EN CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA DE CONTÍA SUPERIOR A 50.000 EUROS E CONTRATOS DE SERVIZOS COMPRENDIDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DE CONTÍA INFERIOR Á SINALADA NO ARTIGO 16.1.b DO TRLCSP E SUPERIOR A 50.000 EUROS

IV.2.1. Contido do expediente de contratación

- 31. *Ámbito de aplicación*
- 32. *Contido mínimo do expediente de contratación*

IV.2.2. Tramitación e aprobación do expediente

- 33. *Reglas procedimentais aplicables*

IV.3. PREPARACIÓN DE CONTRATOS DE CONTÍA IGUAL OU INFERIOR A 50.000 EUROS, I.V.E. EXCLUÍDO

- 34. *Contratos de importe inferior ou igual a 50.000 euros, I.V.E. excluído, que non teñan consideración de contratos menores*
- 35. *Contratos menores*
- 36. *Expediente de contratación en contratos menores*

V. SELECCIÓN DO CONTRATISTA E ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS

V.1. ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA

- 37. *Normas aplicables*
- 38. *Convocatoria de licitacións*
- 39. *Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións*
- 40. *Redución de prazos en caso de tramitación urxente.*
- 41. *Criterios de valoración de ofertas*
- 42. *Mesa de contratación*
- 43. *Ofertas con valores anormais ou desproporcionados*
- 44. *Publicación da adxudicación no perfil de contratante*
- 45. *Formalización do contrato*
- 46. *Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos en que non se recollan criterios de adxudicación a cuantificación da cal dependa dun xuízo de valor*
- 47. *Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor e criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas.*



V.2. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.

V.2.1. Principios

48. Principios aplicables á adxudicación destes contratos

V.2.1. Procedementos aplicables

A) Normas Xerais

49. Procedementos de adxudicación

50. Mesa de contratación

51. Principios de igualdade e transparencia

52. Confidencialidade

53. Convocatoria de licitacións

54. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións

55. Proposicións dos/as interesados/as

56. Admisibilidade de variantes ou melloras

57. Poxa electrónica

58. Sucesión no procedemento

59. Criterios de valoración das ofertas

60. Clasificación das ofertas e adxudicación do contrato

61. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados

62. Publicidade das adxudicacións

63. Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación

64. Formalización do contrato

B) Procedemento aberto

65. Delimitación

66. Información aos/ás licitadores/as

67. Prazos para a presentación de proposicións

68. Exame das proposicións e proposta de adxudicación

69. Adxudicación

C) Procedemento Restringido

70. Caracterización

71. Criterios para a selección de candidatos/as

72. Solicitudes de participación

73. Selección de solicitantes

74. Contido dos convites e información aos/ás convidado/as

75. Proposicións e Adxudicación

D) Procedemento negociado

76. Caracterización

77. Supostos xerais de aplicación

78. Supostos específicos

79. Delimitación da materia obxecto de negociación

80. Anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación

81. Negociación dos termos do contrato

E) Diálogo Competitivo



82. Remisión ás regras do TRLCSP

F) Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos

83. Remisión ás regras do TRLCSP

VI. RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN

84. Sistemas para a racionalización da contratación

85. Acordos marco

86. Sistemas dinámicos de contratación

87. Centrais de contratación

VII. EFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS

VII.1. NORMAS XERAIS

VII.1.1. Efectos dos contratos

88. Réxime xurídico

89. Reserva no contrato do dereito potestativo de modificación e resolución

VII.1.2. Execución dos contratos

90. Execución defectuosa e demora

91. Resolución por demora e prórroga dos contratos

92. Indemnización de danos e perdas

93. Principio de risco e ventura

94. Pagamento do prezo

95. Transmisións dos dereitos de cobramento

VII.1.3. Modificación dos contratos

96. Modificación dos contratos

VII.1.4. Extinción dos contratos

97. Cumprimento dos contratos e recepción da prestación

98. Causas de resolución dos contratos

99. Aplicación das causas de resolución

100. Efectos da resolución

VII.1.5. Cesión dos contratos e subcontratación

101. Cesión dos contratos

102. Subcontratación

VII.2. NORMAS ESPECIAIS PARA CONTRATOS DE OBRAS, CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA, XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS, SUBMINISTRACIÓN, SERVIZOS E DE COLABORACIÓN ENTRE O SECTOR PÚBLICO E O SECTOR PRIVADO.

VII.2.1. Contrato de obras

103. Réxime aplicable ao contrato de obras



VII.2.2. Contrato de concesión de obra pública

104. Réxime aplicable ao contrato de concesión de obras

VII.2.3. Contrato de xestión de servizos públicos

105. Réxime aplicable ao contrato de xestión de servizos públicos

VII.2.4. Contrato de subministración

106. Réxime aplicable ao contrato de subministración

VII.2.5. Contratos de servizos

107. Réxime aplicable ao contrato de servizos

VII.2.6. Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado

108. Réxime aplicable aos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado

VII. Contratación no exterior.



I. OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DAS INSTRUCIÓN

1. Obxecto e finalidade

Consonte aos criterios establecidos no artigo 3.3b) do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 276 do 16 de novembro de 2011 (en adiante, TRLCSP), a Fundación Pública Galicia Europa, (en adiante Fundación), por ser unha fundación do sector público galego, ten a consideración de poder adjudicador, o que ven a determinar o marco xurídico aplicable aos seus procedementos de contratación, así como a necesidade de dotarse dunhas instrucións internas reguladoras da contratación de acordo co previsto no artigo 189 e seguintes do TRLCSP.

As presentes instrucións, no marco do TRLCSP, teñen por obxecto regular a contratación da Fundación co fin de garantir que a mesma se axusta aos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os/as candidatos/as, e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, a salvagarda da libre competencia e a selección da oferta economicamente máis vantaxosa.

É igualmente obxecto destas instrucións a previsión das cláusulas a introducir nos pregos de condicións en relación coa regulación dos efectos, cumprimento e extinción dos contratos asinados.

Así mesmo, a peculiaridade organizativa da Fundación – a existencia dunha delegación en Bruxelas -, derivada á súa vez do cumprimento dos seus fins fundacionais, fai que se teñan que establecer regras de contratación no exterior, seguindo ó establecido ao efecto polo TRLCSP, coas pertinentes adaptacións.

As presentes instrucións, que respectando sempre os preceptos aplicables do TRLCSP, serán de obrigado cumprimento no ámbito interno da Fundación, publicaranse no seu perfil de contratante e poranse a disposición de todos os/as interesados/as en participar nos procedementos de adjudicación de contratos regulados por elas.

2. Ámbito de aplicación

Están sometidas ás presentes instrucións na forma e termos previstos nesta, os contratos onerosos, calquera que sexa a súa natureza xurídica, que celebre a Fundación.

3. Negocios e contratos excluídos

Están excluídos do ámbito das presentes instrucións os negocios e relacións xurídicas recollidas no artigo 4 do TRLCSP, na medida en que sexan aplicables á Fundación. Estes contratos, negocios e relacións xurídicas regularanse, de acordo co TRLCSP, polas súas normas especiais, aplicándose os principios do TRLCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.



II. CUALIFICACIÓN DOS CONTRATOS E RÉXIME XURÍDICO

4. Cualificación dos contratos

Os contratos de obras, concesión de obras, concesión de servizos subministración, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado que celebre a Fundación cualificaranse de acordo coas normas do TRLCSP.

Os restantes contratos cualificaranse segundo as normas de dereito privado que lle sexan de aplicación.

En particular, considerarase contrato de concesión de servizos aquel na virtude do cal a Fundación encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo propio da Fundación, presentando as mesmas características que o contrato de servizos, coa excepción de que a contrapartida da prestación de servizos consiste, ou ben unicamente no dereito a explotar o servizo, ou ben no devandito dereito acompañado dun prezo.

5. Contratos suxeitos a unha regulación harmonizada

Aplicaranse os preceptos do TRLCSP para determinar os contratos que celebre a Fundación que se suxeiten a regulación harmonizada. Son contratos suxeitos a unha regulación harmonizada os contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado, en todo caso, e os contratos de obras, os de concesión de obras públicas, os de subministración, e os de servizos comprendidos nas categorías 1 a 16 do anexo II, o valor do cal considerado, calculado conforme ás regras que se establecen no artigo 88 do TRLCSP, sexa igual ou superior ás contías que se indican nos artigos 14 e seguintes da TRLCSP.

6. Carácter privado dos contratos

Os contratos celebrados pola Fundación terán a consideración de contratos privados.

Os contratos rexeranse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, polo TRLCSP e as súas disposicións de desenvolvemento, no que sexa aplicable aos poderes adxudicadores non administracións públicas ou no que proceda polas remisións efectuadas polas presentes instrucións ou pregos de condicións ou contratos, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción, estes contratos rexeranse polo dereito privado.

7. Xurisdición competente

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.



A orde xurisdiccional civil será a competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación dos contratos cando non estean suxeitos a unha regulación harmonizada.

En canto aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos a orde xurisdiccional civil será sempre a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción de todos os contratos concertados.

III. CONFIGURACIÓN XERAL DA CONTRATACIÓN DA FUNDACIÓN E ELEMENTOS ESTRUCTURAIS DOS CONTRATOS

III.1. DISPOSICIÓNS XERAIS SOBRE A CONTRATACIÓN

8. Necesidade e idoneidade do contrato

A Fundación, de acordo co artigo 22 do TRLCSP, non poderá celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. A tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado a súa adxudicación.

Esta documentación preparatoria dos contratos designarase nas presentes instrucións como "expediente de contratación"

9. Prazo de duración dos contratos

Será aplicable en canto ao prazo de duración dos contratos o disposto no artigo 23 do TRLCSP.

10. Liberdade de pactos

Nos contratos da Fundación poderán incluírse calquera pactos, cláusulas e condicións, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, sendo aplicable o disposto no artigo 25 do TRLCSP.

11. Contido mínimo do contrato

De acordo co artigo 26 do TRLCSP, salvo que xa se atopen recollidas nos pregos, os contratos que celebre a Fundación deben incluír, necesariamente, as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes
- b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato
- c) Definición do obxecto do contrato.
- d) Referencia á lexislación aplicable ao contrato.
- e) A enumeración dos documentos que integran o contrato. Se así se expresase no contrato, esta enumeración poderá estar xerarquizada, ordenándose segundo a orde

de prioridade acordada polas partes, no suposto da cal, e salvo caso de erro manifesto, a orde pactada utilizarase para determinar a prevalencia respectiva, en caso de que existan contradicións entre diversos documentos.

- f) O prezo certo, ou o modo de determinalo.
- g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
- h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- i) As condicións de pagamento.
- j) Os supostos en que procede a resolución.
- k) O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso.
- l) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista.

O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición do/a adxudicatario/a, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles.

12. Perfección dos contratos

Os contratos da Fundación perfeccionaranse mediante a súa formalización. Os contratos subvencionados que, de conformidade co disposto no artigo 17 do TRLCSP, deban considerarse suxeitos a regulación harmonizada, perfeccionaranse de conformidade coa lexislación pola que se rexan. As partes deberán notificar a súa formalización ao órgano que outorgou a dita subvención.

Salvo que se indique outra cousa no seu clausulado, os contratos da Fundación entenderanse celebrados no lugar onde se atope a sede do órgano de contratación.

13. Carácter formal da contratación

A Fundación non poderá contratar verbalmente, salvo que o contrato teña carácter de emerxencia.

Os contratos formalizaranse en documento privado, sen prexuízo do sinalado para os contratos menores nas presentes instrucións

14. Remisión de información para os efectos estatísticos e de fiscalización.

Estarase ao disposto nos artigos 29 e 30 do TRLCSP en canto á remisión de información para os efectos estatísticos e de fiscalización.

15. Arbitraxe

Os pregos de condicións ou, cando estes non existan, o contrato, poderán remitir a unha arbitraxe, conforme ás disposicións da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de Arbitraxe, á solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos.



16. Réxime de nulidade ou invalidez dos contratos suxeitos a regulación harmonizada

Para os contratos suxeitos a regulación harmonizada será de aplicación o disposto nos artigos 31 e seguintes do TRLCSP en canto ao seu réxime de nulidade ou invalidez e revisión de oficio.

Os pregos de contratación destes contratos recollerán unha remisión a este réxime.

17. Recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais

Para os contratos suxeitos a regulación harmonizada e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II do TRLCSP de contía igual ou superior á sinalada no artigo 16.1.b do TRLCSP, serán de aplicación os artigos 37, 38 e 39 da LCSP en canto á cuestión de nulidade e os artigos 310 e seguintes do TRLCSP en canto ao recurso especial en materia de contratación e medidas provisionais.

III.2. PARTES NO CONTRATO.

18. Competencia para contratar.

Conforme as facultades delegadas polo Padroado, a competencia para contratar correspóndelle ao Director da Fundación.

A delegación foi conferida segundo acordo do Padroado da Fundación do día 12 de decembro de 2005, recollido mediante anexo á escritura pública formalizada perante o Notario de Santiago de Compostela D. Álvaro Moure Goyanes, o dezanove de decembro de dous mil cinco, co número tres mil seiscientos corenta e nove do seu protocolo.

19. Responsable do contrato

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato de acordo co disposto no artigo 52 do TRLCSP.

20. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade nos casos esixidos polo TRLCSP ou polas normas autonómicas de desenvolvemento ou nos que así se decida voluntariamente, a Fundación difundirá, a través de internet, o seu perfil de contratante. Este perfil estará enlazado coa plataforma de contratación da Xunta de Galicia e se fará figurar o enlace nos pregos e anuncios de licitación.

O perfil de contratante poderá incluír calquera dos datos e informacións referentes á actividade contractual do órgano de contratación, tales como os anuncios de información previa considerados no artigo 141 do TRLCSP as licitacións abertas ou en curso e a documentación relativa ás mesmas, as contratacións programadas, os contratos adjudicados, os procedementos anulados, e calquera información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que poden utilizarse para relacionarse co órgano de contratación.



En todo caso, deberá publicarse no perfil de contratante a adxudicación dos contratos no caso dos contratos suxeitos a regulación harmonizada.

O sistema informático que soporte o perfil de contratante deberá contar cun dispositivo que permita acreditar de forma fidedigna o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa neste.

21. Capacidade e solvencia do empresario

Aplicaranse os artigos 54 e seguintes do TRLCSP en canto á capacidade e solvencia dos empresarios/as. En particular, non poderán contratar coa Fundación as persoas nas que conorra algunha das circunstancias do artigo 60.1 do TRLCSP.

Nos mesmos supostos nos que o TRLCSP esixe clasificación, a Fundación poderá esixir nos pregos unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para asinar o correspondente contrato. Poderase esixir tamén clasificación e unha solvencia de forma subsidiaria para o caso de non dispoñer de clasificación, que fose equivalente a aquela.

A clasificación dos/as empresarios/as acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivera e para a celebración da cal non se esixa estar en posesión desta.

A solvencia económica e financeira e técnica ou profesional acreditarase mediante a achega dos documentos que se determinen polo órgano de contratación de entre os previstos nos artigos 75 a 79 do TRLCSP. O órgano de contratación indicará nos pregos as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que os/as empresarios/as deberán acreditar. Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o/a empresario/a e a documentación requirida para acreditar os mesmos indicarse no anuncio de licitación e especificarse no prego do contrato, debendo estar vinculado ao seu obxecto e ser proporcionais a este.

O órgano de contratación poderá admitir outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 75 a 79 para os contratos que no estean suxeitos a regulación harmonizada. Si se opta por esta posibilidade, a documentación requirida para acreditar a solvencia débese indicar no anuncio de licitación e especificarse no prego do contrato, en todo caso, deberá estar vinculada ao seu obxecto e ser proporcional a este.

III.3. OBXECTO, PREZO E CONTÍA DO CONTRATO.

22. Obxecto, prezo e contía do contrato

Son aplicables á Fundación os artigos 86 a 88 do TRLCSP.

En particular, no expediente de contratación, como partida independente do prezo do contrato, indicarse o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba soportar a Fundación.



Os prezos fixados nos contratos celebrados pola Fundación poderán ser revisados ou actualizados na forma pactada no contrato, xa sexa á alza ou á baixa, para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato. O sistema de revisión de prezos establecerase, se é o caso, nos pregos, podendo remitirse ao réxime recollido no TRLCSP para a administración.

III.4. AS GARANTÍAS NA CONTRATACIÓN

23. *Esixencia de Garantías*

O órgano de contratación, en atención ás circunstancias concorrentes en cada contrato, poderá esixir a prestación dunha garantía provisional aos licitadores/as ou candidatos/as, para responder do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato e, no seu caso, formalización del contrato ou ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación.

Nos pregos de condicións establecerase que os licitadores que presentaran as ofertas economicamente mais vantaxosas deberán constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva dun 5 por 100 do importe da adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. No caso dos contratos con prezos provisionais a que se refire o artigo 87.5 do TRLCSP, a porcentaxe calcularase con referencia ao prezo máximo fixado. Cando a contía do contrato se determine en función do prezos unitarios, o importe da garantía a constituír fixarase atendendo ao presuposto base de licitación.

Non obstante, atendidas as circunstancias concorrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ó adxudicatario da obriga de constituír garantía definitiva, xustificándoo axeitadamente nos pregos.

En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía aludida, se preste unha complementaria.

O réxime de devolución, incautación ou cancelación das garantías serán establecidos polo órgano de contratación nos pregos.

A garantía provisional, en caso de existir, extinguirase automaticamente e devolverase aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. Non obstante, a garantía reterase ao licitador cuxa proposición fora seleccionada para a adxudicación ata que proceda a constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

Cando se esixan garantías, estas poderán presentarse nalgunha das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.



IV. PREPARACIÓN DOS CONTRATOS.

IV.1. REGRAS DE PREPARACIÓN EN CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA E CONTRATOS DE SERVIZOS COMPRENDIDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DE CONTÍA IGUAL OU SUPERIOR Á ESTABLECIDA NO ARTIGO 137.1 DO TRLCSP.

IV.1.1 Contido do expediente de contratación.

24. Aplicación do artigo 137.1 do TRLCSP

De acordo co artigo 137.1 do TRLCSP, nos contratos celebrados pola Fundación que estean suxeitos a regulación harmonizada ou que sexan contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II, de contía igual ou superior á sinalada no artigo 16.1.b do TRLCSP:

a) Deberán observarse as regras establecidas no artigo 117 do TRLCSP para a definición e establecemento de prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o previsto nos artigos 118 a 120.

b) Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público, o órgano de contratación poderá declarar urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria. Neste caso será de aplicación o previsto no artigo 112.2.b) TRLCSP sobre redución de prazos.

25. Contido mínimo do expediente de contratación

No expediente de contratación, que deberá aprobar o órgano de contratación con carácter previo ao inicio do procedemento para adxudicar o contrato, deberá recollese o contido mínimo seguinte para unha axeitada determinación do contrato a celebrar, as condicións polas que deberá rexerse e as previsións oportunas sobre o procedemento para adxudicalo que permitan a súa licitación con pleno respecto aos principios recollidos no artigo 1 do TRLCSP:

- Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 TRLCSP).
- Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 TRLCSP).
- Definición do obxecto do contrato (artigos 26 e 86 TRLCSP).
- Referencia á lexislación aplicable ao contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Identificación do órgano competente para contratar (artigo 51 TRLCSP), incluíndo a forma de acceso ao perfil de contratante (artigo 53 TRLCSP).
- Designación, no seu caso, do responsable do contrato (artigo 52 TRLCSP).

- Condicións de aptitude esixibles (artigo 54 e seguintes TRLCSP). Regras aplicables en relación coas empresas non comunitarias; condicións especiais de compatibilidade; empresas comunitarias; posibilidade de concorrer unións de empresarios; prohibicións de contratar.
- En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas.
- No seu caso, esixencia de clasificación (artigo 65 TRLCSP).
- A enumeración dos documentos que integran o contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Fixación do orzamento de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado (artigos 87 TRLCSP e 26 TRLCSP). Cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais (artigo 88 TRLCSP).
- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso (artigo 26 TRLCSP).
- No seu caso, a garantía que se esixa, incluíndo o importe, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación (artigo 104 TRLCSP).
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras. De acordo co artigo 10.5 da Lei 4/2006, de 30 xuño de Transparencia e boas prácticas na administración pública galega, nos contratos en que se utilice máis dun criterio de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre a calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas.
- O contrato perfeccionase mediante a súa formalización, calquera que sexa o procedemento seguido para chegar a ela. (artigo 27 TRLCSP).
- Previsións sobre a formalización do contrato (artigo 28 TRLCSP).
- Prazo de duración do contrato e posibles prórrogas (artigos 23 e 26 TRLCSP); as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización (artigo 26 TRLCSP).
- Pactos, cláusulas e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos (artigo 25 TRLCSP).
- Prescricións técnicas esixibles ás prestacións (artigo 117 TRLCSP).
- As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións (artigo 26 TRLCSP).

- As condicións de pagamento (artigo 26 TRLCSP).
- Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato (artigo 87 TRLCSP).
- No seu caso, condicións de aprazamento do pagamento do prezo (artigo 87.7 TRLCSP).
- No seu caso, condicións especiais de execución do contrato (artigo 118 TRLCSP).
- Os supostos en que procede a resolución (artigo 26 TRLCSP).
- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista (artigo 26 TRLCSP).
- Réxime de invalidez nos contratos suxeitos a regulación harmonizada (artigo 31 e seguintes TRLCSP).
- Previsión do recurso especial en materia de contratación e órgano competente para resolvelo (artigo 40 e seguintes do TRLCSP).
- Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato (artigo 50 TRLCSP).
- Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio, emprego, e condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 119 e 120 TRLCSP).

Estas previsións recolleranse nun prego de condicións, que formará parte integrante do contrato. Cando se estime pertinente separar do clausulado xurídico do contrato as características técnicas das prestacións, as súas calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos, aprobarase un prego de prescricións técnicas que recollerá estes extremos.

O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 3 do artigo 86 TRLCSP acerca da súa eventual división en lotes.

IV.1.2. TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DO EXPEDIENTE.

26. Regras procedimentais aplicables

Respecto ao órgano competente para a tramitación e aprobación do expediente de contratación aplicarase o establecido no artigo 18 das presentes instrucións.

Ao expediente incorporarase o prego de condicións e o de prescricións técnicas que haxan de rexer o contrato.

Os pregos de condicións serán obxecto de informe xurídico, que se incorporará ao expediente. Non será necesario informe xurídico cando o prego de condicións se axuste



a un modelo de prego de condicións aprobado logo de informe xurídico polo órgano de contratación para determinadas categorías de contratos de natureza análoga.

Así mesmo, deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

27. Regras procedimentais aplicables en supostos de urxencia e emerxencia.

Se a celebración do contrato é necesaria para atender unha necesidade inaprazable ou se resulta preciso acelerar a adxudicación por razóns de interese público e o órgano de contratación declara urxente a súa tramitación, motivándoo debidamente na documentación preparatoria, será de aplicación o previsto no artigo 112.2.b) sobre redución de prazos.

Poderase aplicar a tramitación de emerxencia para supostos excepcionais en que a entidade teña que actuar de xeito inmediato a causa de acontecementos catastróficos ou de situacións que supoñan grave perigo. Para estes casos estarase a regras análogas ao réxime excepcional previsto para a administración pública no artigo 113 TRLCSP.

IV.1.3. Regras especiais para a preparación de determinados contratos.

28. Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e reformulo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación salvo que tal competencia estea especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica.

No suposto de adxudicación conxunta de proxecto e obra, a execución desta quedará condicionada á supervisión, aprobación e reformulo do proxecto polo órgano de contratación.

Para a clasificación das obras e o contido dos proxectos serán aplicables os artigos 122 e 123 do TRLCSP.

Cando a elaboración do proxecto sexa contratada integramente pola Fundación establecerase nos pregos que o autor ou autores deste incorrerán en responsabilidade nos termos establecidos nos artigos 310 a 312 TRLCSP.

Para a contratación conxunta da elaboración do proxecto e a execución das obras correspondentes aplicarase o artigo 124 TRLCSP.

Antes da aprobación do proxecto, nos mesmos supostos indicados no artigo 125 do TRLCSP, o órgano de contratación deberá solicitar un informe de supervisión do proxecto.



Aprobado o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar a implantación deste, de acordo co artigo 126 TRLCSP.

29. Regras aplicables ás actuacións preparatorias do contrato de concesión de obras.

Na preparación deste contrato aplicaranse regras análogas ás establecidas nos artigos 128 e seguintes do TRLCSP.

30. Regras aplicables ás actuacións preparatorias dos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Na preparación destes contratos aplicaranse regras análogas ás establecidas nos artigos 134 e seguintes do TRLCSP.

IV.2. REGLAS DE PREPARACIÓN EN CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA E CONTRATOS DE SERVIZOS COMPRENDIDOS NAS CATEGORÍAS 17 A 27 DO ANEXO II DE CONTÍA IGUAL OU SUPERIOR Á SINALADA NO ARTIGO 16.1.b DO TRLCSP .

IV.2.1 Contido do expediente de contratación.

31. Ámbito de aplicación.

As regras de preparación que seguen serán de aplicación aos contratos non suxeitos a regulación harmonizada e contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior á sinalada no artigo 16.1.b do TRLCSP.

32. Contido mínimo do expediente de contratación.

Os aspectos que deben incluírse na documentación preparatoria destes contratos serán os seguintes:

- Determinación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 TRLCSP).
- Determinación da idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 22 TRLCSP).
- Definición do obxecto do contrato (artigos 26 e 86 TRLCSP).
- Referencia á lexislación aplicable ao contrato (artigo 26 LCSP).
- Identificación do órgano competente para contratar da Fundación (artigo 51 TRLCSP), incluíndo a forma de acceso ao perfil de contratante (artigo 53 TRLCSP).
- Designación, no seu caso, do/a responsable do contrato (artigo 52 TRLCSP).
- Condicións de aptitude esixibles (artigo 54 e seguintes TRLCSP). Regras aplicables en relación coas empresas non comunitarias; condicións especiais de compatibilidade; empresas comunitarias; posibilidade de concorrer unións de empresarios; prohibicións de contratar.

- En particular, as condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica, vinculadas ao obxecto do contrato e proporcionais a este, que se esixan para ser admitido á licitación, así como a documentación requirida para acreditar as mesmas.
- No seu caso, esixencia de clasificación (artigo 65 TRLCSP).
- A enumeración dos documentos que integran o contrato (artigo 26 TRLCSP).
- Fixación do orzamento de licitación, atendendo ao prezo xeral de mercado (artigos 87 e 26 TRLCSP). Cálculo do valor estimado do contrato de acordo coas regras legais (artigo 88 TRLCSP).
- O programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso (artigo 26 TRLCSP).
- No seu caso, a garantía que se esixa, formas de presentación así como o réxime da súa devolución ou cancelación (artigo 104 TRLCSP).
- Procedemento aplicable para a adxudicación do contrato, incluíndo as modalidades de recepción das ofertas, os criterios de adxudicación e a posibilidade de ofertar variantes e melloras (artigo 137.2 TRLCSP). De acordo coa Lei 4/2006, de 30 xuño de transparencia e boas prácticas na administración pública galega nos contratos en que se utilice máis dun criterio de adxudicación, e salvo as excepcións que poidan establecerse en resolución motivada do órgano de contratación cando a relación entre a calidade e o prezo así o esixa, a ponderación do prezo como criterio de adxudicación do contrato non será inferior ao 40% da puntuación máxima que poida atribuírse ás ofertas (artigo 10.5).
- Previsións sobre a formalización do contrato (artigo 28 TRLCSP).
- Prazo de duración do contrato e posibles prórrogas (artigos 23 e 26 TRLCSP); as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización (artigo 26 TRLCSP).
- Pactos, cláusulas e condicións definidores dos dereitos e obrigas das partes do contrato, establecidos ao amparo do principio de liberdade de pactos (artigo 25 TRLCSP). Para determinar o contido razoable ou suficiente de cada contrato deberá estarse a súa complexidade, características, natureza e importancia económica. Para protexer os intereses da Fundación buscarase no clausulado unha definición suficiente dos dereitos e obrigas das partes e en particular das prestacións que se buscan.
- Prescricións técnicas esixibles ás prestacións. Non poderán establecerse prescricións técnicas que mencionen fabricación ou procedencias determinadas, ou procedementos concretos ou contendo referencias a marcas, patentes ou tipos, orixes ou producións determinadas, salvo que o xustifique o obxecto do contrato. Estarase ao establecido no artigo 117 TRLCSP en canto á definición das prescricións técnicas.



- As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións (artigo 26 TRLCSP).
- As condicións de pagamento (artigo 26 TRLCSP).
- Posibilidade de revisión ou actualización do prezo para ter en conta as variacións económicas que acaezan durante a execución do contrato (artigo 87 TRLCSP).
- No seu caso, condicións de aprazamento do pagamento do prezo (artigo 87.7 LCSP).
- No seu caso, condicións especiais de execución do contrato, que terán que ser compatibles co dereito comunitario.
- Os supostos nos que procede a resolución (artigo 26 TRLCSP).
- A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade que, no seu caso, se impoña ao contratista (artigo 26 TRLCSP).
- Previsión, se é o caso, do sometemento a arbitraje da solución das diferenzas que poidan xurdir sobre os efectos, cumprimento e extinción do contrato (artigo 50 TRLCSP).
- Se é o caso, información sobre as obrigas relativas á fiscalidade, protección do medio, emprego, e condicións laborais e información sobre as condicións de subrogación en contratos de traballo (artigos 119 e 120 LCSP).

Estas previsións recolleranse nun prego de condicións, que formará parte integrante do contrato. Cando se estime pertinente, separar do clausulado xurídico do contrato as características técnicas das prestacións, as súas calidades e a regulación da súa forma de execución nos seus aspectos técnicos, aprobarase un prego de prescricións técnicas a función das cales será a de recoller estes extremos.

O expediente deberá referirse á totalidade do obxecto do contrato, sen prexuízo do previsto no apartado 3 do artigo 86 TRLCSP acerca da súa eventual división en lotes.



IV.2.2. Tramitación e aprobación do expediente.

33. Regras procedimentais aplicables.

Serán aplicables as previsións establecidas nos números 26 a 29 das presentes instrucións.

IV.3. PREPARACIÓN DE CONTRATOS DE CONTÍA IGUAL OU INFERIOR A 50.000 EUROS, I.V.E. EXCLUÍDO.

34. Contratos de importe inferior ou igual a 50.000 euros, I.V.E. excluído, que non teñan a consideración de contratos menores.

Nestes contratos, cando non proceda a súa tramitación de acordo co número seguinte por exceder das contías nel sinaladas, será necesaria a aprobación dos pregos de condicións e o cumprimento do artigo 26 da TRLCSP en canto ao contido mínimo dos contratos.

Ao expediente, deberá incorporarse o certificado de asistencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Poderán aplicarse as regras procedimentais establecidas no número 27 en supostos de urxencia e emerxencia.

A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, aprobación e implantación do correspondente proxecto. Para a clasificación das obras e o contido dos proxectos serán aplicables os artigos 122 e 123 TRLCSP.

35. Contratos menores.

A Fundación poderá concluír contratos menores.

Considéranse contratos menores os contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate doutros contratos. Estas contías entenderanse sen incluír o imposto sobre o valor engadido.

Os contratos menores poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación. En todo caso, terase en conta o disposto no artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Estes contratos non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

36. Expediente de contratación en contratos menores.

Aplicaranse os seguintes trámites procedimentais:

- En contratos de importe inferior a 50.000 euros, cando se trate de obras ou a 18.000, cando se trate de outros contratos, en ambos casos IVE excluído.
- Elaborarase unha memoria na que se determinen as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado (artigo 22 TRLCSP) e se defina o obxecto do contrato (artigo 86 TRLCSP), non sendo necesaria a aprobación de pregos de condicións. Na memoria deberá facerse alusión ao crédito orzamentario ou o programa ou rúbrica contable con cargo ao que se aboará o prezo, no seu caso. Esta memoria poderá ter un contido sumario, atendidas as circunstancias do caso.
- No caso de contrato de obras, aprobación do orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- Aprobación do gasto polo órgano de contratación.
- Adxudicación directa a calquera empresario/a con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.
- Non será precisa a formalización por escrito nin o cumprimento do contido mínimo dos contratos recollidos no artigo 27, salvo nos contratos que presenten certa complexidade ou contía, en que se requirirá a formalización e a constancia por escrito dos pactos e condicións.
- Incorporación ao expediente da factura correspondente.

V. SELECCIÓN DO CONTRATISTA E ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS.

V.1. ADXUDICACIÓN DOS CONTRATOS SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.

37. Normas aplicables.

De acordo co artigo 190 do TRLCSP, a adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada rexeráse polas normas establecidas no Capítulo I, do Título I do Libro III da TRLCSP, coas adaptacións que se indican no precepto.

38. Convocatoria de licitacións.

Non será preciso publicar as licitacións e adxudicacións nos diarios oficiais nacionais a que se refiren o parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 142 do TRLCSP e o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 154.

De acordo cos artigos 190 e 142.4 do TRLCSP, será aplicable unha tripla publicidade:

- A publicación efectuada no «Diario Oficial da Unión Europea».

- A inserción da correspondente información na plataforma de contratación a que se refire o artigo 334 ou no sistema equivalente, xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante, neste caso a plataforma de contratación da Xunta de Galicia, sen prexuízo da utilización de medios adicionais con carácter voluntario.
- Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 142.4 TRLCSP).

39. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada aplicaranse os prazos establecidos na TRLCSP.

40. Redución de prazos en caso de tramitación urxente.

De acordo co artigo 190 TRLCSP, se, por razóns de urxencia, resultase impracticable o cumprimento dos prazos mínimos establecidos, será de aplicación o previsto no artigo 112.2.b) TRLCSP sobre redución de prazos.

41. Criterios de valoración das ofertas.

De acordo co artigo 150 do TRLCSP, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato. Cando só se utilice un criterio de adxudicación, este ha de ser, necesariamente, o do prezo máis baixo.

Os criterios que han de servir de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e detallaranse no anuncio, nos pregos de cláusulas administrativas particulares ou no documento descritivo.

Na determinación dos criterios de adxudicación darase preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidas a través da mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se atribúa aos criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas, unha ponderación inferior á correspondente aos criterios da cuantificación a cal dependa dun xuízo de valor, o informe de valoración necesario para a avaliación das ofertas, poderá ser efectuado por un técnico ou técnicos, que poderán depender do órgano da Fundación, sen que deba constituírse o comité de expertos previsto no artigo 150.2 do TRLCSP. Sen prexuízo diso, o órgano de contratación poderá decidir o nomeamento do comité de expertos. Tamén poderá encomendarse esta avaliación a un organismo técnico especializado, debidamente identificado nos pregos.

42. Mesa de contratación.

Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 do TRLCSP.



Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación.

A Mesa estará constituída por un/unha Presidente/a, 3 vogais, e un/unha Secretario/a, nomeados polo órgano de contratación. Entre os vogais figurará o/a responsable de administrar o orzamento de ingresos e gastos da Fundación e o/a responsable dos asuntos xurídicos da Fundación.

Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que se ver o diálogo, designadas polo órgano de contratación.

43. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

A adxudicación ao/á licitador/a que presente a oferta economicamente máis vantaxosa non procederá cando o órgano de contratación presuma fundadamente que a proposición non poida ser cumprida como consecuencia da inclusión nesta de valores anormais ou desproporcionados, de acordo co disposto neste apartado.

Cando o único criterio valorable de forma obxectiva a considerar para a adxudicación do contrato sexa o do seu prezo, para apreciar o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas estarase aos parámetros obxectivos que se establezan nos pregos.

Serán aplicables, polo demais, os números 3 e 4 do artigo 152 do TRLCSP.

44. Publicación da adxudicación no perfil de contratante.

De acordo co artigo 153 TRLCSP a adxudicación do contrato, que en todo caso deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores de acordo co artigo 190 TRLCSP, non será preciso publicar as adxudicacións nos diarios oficiais nacionais a que se refire o parágrafo primeiro do apartado 2 do artigo 154, entendéndose que se satisfai o principio de publicidade mediante a publicación efectuada no «Diario Oficial da Unión Europea» e a inserción da correspondente información na plataforma de contratación a que se refire o artigo 334 ou no sistema equivalente xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante, sen prexuízo da utilización de medios adicionais con carácter voluntario.

Así mesmo, de acordo co artigo 154 TRLCSP, a formalización dos contratos publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación, de acordo co establecido no artigo 154 do TRLCSP.

De acordo co artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 xuño de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, de conformidade co que regulamentariamente se determine, o órgano de contratación publicará no seu enlace da web da Fundación Galicia Europa, unha vez adxudicado o contrato público, información sobre:

- Os/as licitadores/as.
- Os criterios de selección e a súa valoración.

- O cadro comparativo das ofertas económicas
- A puntuación obtida por cada oferta, detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración.
- O resumo da motivación da valoración obtida.
- O/a adxudicatario/a.

45. Formalización do contrato.

De acordo co artigo 190 TRLCSP non son de aplicación as normas recollidas no artigo 156 para a formalización dos contratos polas Administracións Públicas, sen prexuízo de que deba observarse o prazo establecido no seu apartado 3 e o previsto no apartado 5.

A formalización dos contratos da Fundación realizarase en documento privado e no prazo establecido nos pregos. Establecerase nos pregos que o/a contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

A obriga de formalización do contrato deberá recollerse nos pregos de condicións, previndo, así mesmo que cando por causas imputables ao/a contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, o órgano de contratación poderá resolver o contrato, así como incautar a garantía provisional que, no seu caso constituíse.

46. Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos en que non se recollan criterios de adxudicación a cuantificación da cal dependa dun xuízo de valor.

A mesa cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 146 do TRLCSP. Esta documentación deberá presentarse polos/as licitadores/as en sobre distinto ao que conteña a proposición.

A mesa, no día sinalado no anuncio, procederá á apertura das proposicións en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

Cando para a valoración das proposicións se teñan que ter en conta criterios distintos ao do prezo, pediranse pola mesa, de consideralos necesarios, os informes técnicos pertinentes.

A mesa formulará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do/a adxudicatario/a.

Precisarase nos pregos que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do/a licitador/a proposto/a.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas o anormais conforme ao sinalado no

apartado seguinte. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de maneira directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador ten retirado a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas.

47. Exame das proposicións e proposta de adxudicación nos procedementos abertos e restrinxidos cando se recollan criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor e criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas.

Cando nunha licitación que se siga por un procedemento aberto ou restrinxido se recollan criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor e criterios avaliáveis de forma automática por aplicación de fórmulas, realizarase en primeiro lugar a avaliación das ofertas conforme aos criterios a cuantificación dos cales dependa dun xuízo de valor, deixándose constancia documental diso.

Nestes casos, os pregos establecerán a presentación da proposición dividida en dous sobres para facer posible a indicada valoración separada. Non se procederá á apertura pública do sobre no que figure a parte da proposición valorable de forma automática ata que se realice a avaliación das ofertas conforme aos criterios a cuantificación da cal dependa dun xuízo de valor.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas o anormais conforme ao sinalado no apartado seguinte. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de



maneira directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometése a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador ten retirado a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas.

V.2. ADXUDICACIÓN DE CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA.

V.2.1. Principios

48. Principios aplicables á adxudicación destes contratos.

De acordo co artigo 191 do TRLCSP na adxudicación de contratos non suxeitos a regulación harmonizada serán de aplicación as seguintes disposicións:

- A adxudicación estará sometida, en todo caso, aos principios de publicidade, concorrencia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.
- A adxudicación realizarase a quen presente a oferta economicamente máis vantaxosa.
- Entenderanse cumpridas as esixencias derivadas do principio de publicidade coa inserción da información relativa á licitación dos contratos o importe dos cales supere os 50.000 euros no perfil de contratante da entidade, sen prexuízo de que as instrucións internas de contratación poidan arbitrar outras modalidades, alternativas ou adicionais, de difusión.

No relativo á achega inicial da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar, terase en conta o disposto no artigo 24 da Lei 14/2013, do 26 de decembro de racionalización do sector público autonómico.

V.2.2. Procedementos aplicables.

A) Normas xerais.

49. Procedementos de adxudicación.

A adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido. En iguais supostos aos enumerados no TRLCSP, poderá seguirse o procedemento negociado, e nos casos previstos no artigo 180 poderá recorrerse ao diálogo competitivo.

A Fundación poderá concluír contratos menores aplicándose o previsto nos artigos 36 e 37 destas instrucións.



50. Mesa de contratación.

Constituirase unha mesa de contratación nos procedementos abertos e restrinxidos e nos procedementos negociados con publicidade a que se refire o artigo 177.1 e 2 do TRLCSP. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da Mesa será potestativa para o órgano de contratación.

A Mesa estará constituída por un/unha Presidente/a, 3 vogais, e un/unha Secretario/a, nomeados polo órgano de contratación. Entre os vogais figurará o/a responsable de administrar o orzamento de ingresos e gastos da Fundación e o/a responsable dos asuntos xurídicos da Fundación.

Para asistir ao órgano de contratación nos procedementos de diálogo competitivo, constituirase unha mesa á que se incorporarán persoas especialmente cualificadas na materia sobre a que se vai ver o diálogo, designadas polo órgano de contratación.

51. Principios de igualdade e transparencia.

O órgano de contratación dará aos/ás licitadores/as e candidatos/as un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustará a súa actuación ao principio de transparencia.

52. Confidencialidade.

Será aplicable o disposto no artigo 140 do TRLCSP.

53. Convocatoria de licitacións.

Na convocatoria das licitacións será aplicable a seguinte publicidade:

1. Inserción da correspondente información na plataforma de contratación a que se refire o artigo 334 ou no sistema equivalente xestionado pola Administración Pública da que dependa a entidade contratante, neste caso a plataforma de contratación da Xunta de Galicia.
2. Os anuncios de licitación publicaranse, así mesmo, no perfil de contratante do órgano de contratación.
3. Complementariamente, poderase establecer alternativas de difusión como son xornais ou outros medios de comunicación.
4. De acordo co artigo 10.2 da Lei 4/2006, de 30 xuño de transparencia e boas prácticas na administración pública galega, a publicidade no link da páxina web da Fundación Galicia Europa terá o seguinte contido mínimo:
 - O obxecto do contrato.
 - O seu prezo
 - A referencia do diario oficial en que se publicou o anuncio, no seu caso.



- A data de finalización do prazo de recepción de ofertas ou solicitudes de participación.
- O lugar onde estas deberán ser presentadas.
- Os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas.

54. Prazos de presentación das solicitudes de participación e das proposicións.

Os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación deberán establecerse tendo en conta o tempo que razoablemente poida ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato.

No caso de que o expediente de contratación fose declarado de tramitación urxente, os prazos establecidos para a licitación e adxudicación do contrato reduciranse á metade, salvo o prazo de quince días hábiles establecido no parágrafo primeiro do artigo 156.3 do TRLCSP como período de espera antes da formalización do contrato, que quedará reducido a dez días hábiles.

Non obstante, cando se trate de procedementos relativos a contratos suxeitos a regulación harmonizada, esta redución non afectará aos prazos establecidos nos artigos 158 e 159 do TRLCSP para a facilitación de información aos licitadores e a presentación de proposicións no procedemento aberto. Nos procedementos restrinxidos e nos negociados nos que, conforme ao previsto no artigo 177.1 do TRLCSP, proceda a publicación dun anuncio da licitación, o prazo para a presentación de solicitudes de participación poderá reducirse ata quince días contados dende o envío do anuncio de licitación, ou ata dez, se este envío se efectúa por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, e o prazo para facilitar a información suplementaria a que se refire o artigo 166.4 do TRLCSP se reducirá a catro días. No procedemento restrinxido, o prazo para a presentación de proposicións previsto no artigo 167.1 do TRLCSP poderá reducirse ata dez días a partir da data do envío da invitación para presentar ofertas.

O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados dende a formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o retraso se deba a causas alleas á Fundación e ao contratista e así se fixera constar na correspondente resolución motivada.

55. Proposicións dos/as interesados/as.

Será aplicable o disposto nos artigos 145 e 146 TRLCSP. Nos pregos recollerase sempre a cláusula de que a presentación das proposicións dos/as interesados/as supón a aceptación incondicionada polo/a empresario/a do contido da totalidade das devanditas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva ningunha.

56. Admisibilidade de variantes ou melloras.

Será aplicable o disposto no artigo 147 TRLCSP.



57. Poxa electrónica.

Será posible acudir a un procedemento de poxa electrónica nas condicións do artigo 148 do TRLCSP.

58. Sucesión no procedemento.

Será aplicable o artigo 149 TRLCSP.

59. Criterios de valoración das ofertas.

Será aplicable o disposto no artigo 150 TRLCSP para os criterios de valoración de ofertas, se ben non será necesaria a constitución do comité de expertos previsto nese precepto.

60. Clasificación das ofertas e adxudicación do contrato.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas o anormais conforme ao sinalado no apartado seguinte. Para realizar dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego ou no anuncio podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a oferta economicamente máis vantaxosa é a que incorpora o prezo máis baixo.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de maneira directa a acreditación diso, de dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a adicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos polos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador ten retirado a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedasen clasificadas as ofertas.

Así mesmo, nos procedementos de contratación documentalmente simplificada aos que fai referencia o artigo 24 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, neste mesmo prazo de dez días, requirirase ao licitador proposto como adxudicatario a achega acreditativa da concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia para contratar. No caso de que se observen defectos ou erros emendables, poderáselle conceder un prazo non superior a tres días para a súa emenda.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Nos procedementos negociados e de diálogo competitivo, a adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato.



Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer, conforme ao artigo 40 da TRLCSP, recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.

b) Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitira a súa oferta.

c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 do TRLCSP.

En todo caso, na notificación e no perfil de contratante indicarse o prazo no que debe procederse a súa formalización conforme o artigo 156.3. do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.

61. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

Será de aplicación o previsto no número 43 das presentes instrucións.

62. Publicidade das adxudicacións.

A adxudicación dos contratos a contía dos cales sexa superior ás cantidades correspondentes ao contrato menor publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación. De acordo co artigo 10.3 da Lei 4/2006, de 30 xuño de Transparencia e boas prácticas na administración pública galega, de conformidade co que regulamentariamente se determine, o órgano de contratación publicará no enlace da páxina web Fundación, unha vez adxudicado o contrato público, información sobre:

- Os/as licitadores/as.



- Os criterios de selección e a súa valoración.
- O cadro comparativo das ofertas económicas.
- A puntuación obtida por cada oferta, detallando a outorgada para cada un dos criterios de valoración.
- O resumo da motivación da valoración obtida.
- O/a adxudicatario/a.

63. Renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.

No caso en que o órgano de contratación renuncie a asinar un contrato para o que efectuara a correspondente convocatoria, ou decida reiniciar o procedemento para a súa adxudicación, notificarao aos/ás candidatos/ás ou licitadores/as.

A renuncia á celebración do contrato ou a desistencia do procedemento só poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación. En ambos os dous casos compensarase aos/ás candidatos/as ou licitadores/as polos gastos en que incorresen, na forma prevista no anuncio ou no prego, ou de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade por danos.

Só poderá renunciarse á celebración do contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia.

A desistencia do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de licitación.

En todo caso nos pregos deberá facerse referencia á posibilidade da renuncia á celebración do contrato e desistencia do procedemento de adxudicación.

64. Formalización do contrato.

Será aplicable o previsto nos parágrafos segundo e terceiro do artigo 45 das presentes instrucións.

B) Procedemento aberto

65. Delimitación.



No procedemento aberto todo/a empresario/a interesado/a poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos/as licitadores/as.

66. Información aos/ás licitadores/as.

Será aplicable o disposto no artigo 158 do TRLCSP.

67. Prazos para a presentación de proposicións.

O prazo de presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a publicación do anuncio do contrato, salvo nos contratos de obras e de concesión de obras públicas, en que o prazo será, como mínimo, de vinte e seis días.

Os prazos indicados poderán reducirse, en caso de declaración de urxencia, na forma prevista na letra b) do apartado 2 do artigo 112.

Poderase aplicar un prazo de presentación de proposicións de 10 días naqueles supostos en que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

68. Exame das proposicións e proposta de adxudicación.

A mesa de contratación cualificará previamente a documentación a que se refire o artigo 146 TRLCSP, que deberá presentarse polos/as licitadores/as en sobre distinto ao que conteña a proposición, e procederá posteriormente á apertura e exame das proposicións, formulando a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación, unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do/a adxudicatario/a.

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.

En todo caso, a apertura das proposicións realizarase en acto público, salvo cando se prevexa que na licitación poidan empregarse medios electrónicos.

Cando para a valoración das proposicións se haxan de ter en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Farase constar nos pregos que a proposta de adxudicación non crea dereito ningún en favor do licitador proposto. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.



69. Adxudicación.

1. Cando o único criterio a considerar para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o do prezo, a adxudicación deberá recaer no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte ao de apertura das proposicións.
2. Cando para a adxudicación do contrato deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares.

C) Procedemento restrinxido

70. Caracterización.

No procedemento restrinxido só poderán presentar proposicións aqueles/as empresarios/as que, á súa solicitude e en atención á súa solvencia, sexan seleccionados/as polo órgano de contratación. Neste procedemento estará prohibida toda negociación dos termos do contrato cos/as solicitantes ou candidatos/as.

71. Criterios para a selección de candidatos/as.

Con carácter previo ao anuncio da licitación, o órgano de contratación deberá establecer os criterios obxectivos de solvencia, de entre os sinalados nos artigos 75 a 79 do TRLCSP, conforme aos cales elixiranse os/as candidatos/as que van ser invitados a presentar proposicións.

O órgano de contratación sinalará o número mínimo de empresarios/as aos/ás que invitará a participar no procedemento, que non poderá ser inferior a cinco. Se así se estima procedente, o órgano de contratación poderá igualmente fixar o número máximo de candidatos/as aos/ás que se invitará a presentar oferta.

En calquera caso, o número de candidatos/as invitados/as debe ser suficiente para garantir unha competencia efectiva.

Os criterios ou normas obxectivos e non discriminatorios conforme aos cales se seleccionará aos/ás candidatos/as, así como o número mínimo e, no seu caso, o número máximo daqueles aos que se invitará a presentar proposicións indicaranse no anuncio de licitación.

72. Solicitudes de participación.

O prazo de recepción das solicitudes de participación será, como mínimo, de dez días, contados dende a publicación do anuncio.

As solicitudes de participación deberán ir acompañadas da documentación a que se refire o artigo 146.1 TRLCSP.



73. Selección de solicitantes.

O órgano de contratación, unha vez comprobada a personalidade e solvencia dos/as solicitantes, seleccionará os que deban pasar á seguinte fase, aos que invitará, simultaneamente e por escrito, a presentar as súas proposicións.

O número de candidatos/as invitados/as a presentar proposicións deberá ser igual, polo menos, ao mínimo que, no seu caso, se fixase previamente. Cando o número de candidatos/as que cumpran os criterios de selección sexa inferior a ese número mínimo, o órgano de contratación poderá continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas, sen que poida invitarse a empresarios/as que non solicitaran participar neste, ou a candidatos/as que non posúan esas condicións.

74. Contido dos convites e información aos/ás convidados/as.

Os convites conterán unha referencia ao anuncio de licitación publicado e indicarán a data límite para a recepción de ofertas, a dirección á que deban enviarse e a lingua en que deban estar redactadas, os criterios de adxudicación do contrato que se terán en conta e a súa ponderación relativa ou, no seu caso, a orde decrecente de importancia atribuído a estes, se non figurasen no anuncio de licitación, e o lugar, día e hora da apertura de proposicións.

O convite aos/ás candidatos/as incluírá un exemplar dos pregos e copia da documentación complementaria, ou conterá as indicacións pertinentes para permitir o acceso a estes documentos, cando os mesmos se poñan directamente á súa disposición por medios electrónicos, informáticos e telemáticos conforme ao disposto no número seguinte das presentes instrucións.

Os órganos de contratación ou os servizos competentes deberán facilitar, antes dos seis días anteriores á data límite fixada para a recepción de ofertas, a información suplementaria sobre os pregos ou sobre a documentación complementaria que se lles solicite coa debida antelación polos/as candidatos/as.

Será de aplicación neste procedemento o previsto no artigo 158.3 TRLCSP.

75. Proposicións e Adxudicación.

O prazo para a presentación de proposicións non será inferior a quince días, contados dende a data de envío da invitación.

O prazo indicado poderá reducirse no caso de declaración de urxencia a 10 días.

Poderase aplicar un prazo de presentación de 10 días naqueles supostos nos que se poida xustificar tecnicamente que o indicado prazo é suficiente atendida a complexidade do contrato.

Na adxudicación do contrato será de aplicación o previsto nos números 69 e 70 das presentes instrucións, salvo o que se refire á necesidade de cualificar previamente a documentación conforme ao artigo 146 TRLCSP.



D) Procedemento negociado

76. Caracterización.

No procedemento negociado a adjudicación recaerá no/a licitador/a xustificadamente elixido/a polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos/as candidatos/as e negociar as condicións do contrato cun/ha ou varios/as deles/as.

O procedemento negociado será obxecto de publicidade previa nos casos previstos no artigo 177 TRLCSP, nos que será posible a presentación de ofertas en concorrencia por calquera empresario/a interesado/a. Nos restantes supostos, non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia mediante o cumprimento do previsto no artigo 178.1 TRLCSP.

77. Supostos xerais de aplicación.

Os contratos que celebre a Fundación poderán adjudicarse mediante procedemento negociado nos mesmos casos que os establecidos no artigo 170 do TRLCSP.

78. Supostos específicos.

Ademais de nos casos previstos no número anterior, os contratos de obras poderán adjudicarse por procedemento negociado nos supostos enumerados no artigo 171 do TRLCSP, os contratos de xestión de servizos públicos nos supostos enumerados no artigo 172 TRLCSP, os contratos de subministración nos casos previstos no artigo 173 TRLCSP, os contratos de servizos nos supostos previstos no artigo 174 TRLCSP. Os restantes contratos da Fundación poderán ser adjudicados por procedemento negociado, ademais, cando o seu valor estimado sexa inferior a 100.000 euros.

79. Delimitación da materia obxecto de negociación.

No prego de condicións determinaranse os aspectos económicos e técnicos que, no seu caso, deban ser obxecto de negociación coas empresas.

80. Anuncio de licitación e presentación de solicitudes de participación.

Cando se acuda ao procedemento negociado por concorrer as circunstancias previstas nas letras a) e b) do artigo 170 do TRLCSP, na letra a) do artigo 171 TRLCSP, ou na letra a) do artigo 174 TRLCSP, o órgano de contratación deberá publicar un anuncio de licitación no perfil de contratante.

Poderá prescindirse da publicación do anuncio cando se acuda ao procedemento negociado por presentarse ofertas irregulares ou inaceptables nos procedementos antecedentes, sempre que na negociación se inclúan todos/as os/as licitadores/as que no procedemento aberto ou restrinxido, ou no procedemento de diálogo competitivo seguido con anterioridade presentasen ofertas conformes cos requisitos formais esixidos, e só a eles/as.

Igualmente, nos contratos que poidan adjudicarse por procedemento negociado por ser a súa contía inferior á indicada nos artigos 171, letra d), 172, letra b), 173, letra f), 174, letra



e) e 175 do TRLCSP, deberá publicarse un anuncio de licitación no perfil de contratante cando o seu valor estimado sexa superior a 50.000 euros.

Serán de aplicación ao procedemento negociado, nos casos en que se proceda á publicación de anuncios de licitación, as normas contidas nos números 72 a 75 das presentes instrucións, ambos os dous inclusive. Non obstante, en caso de que se decida limitar o número de empresas ás que se invitará a negociar, deberá terse en conta o sinalado no apartado primeiro do número seguinte.

81. Negociación dos termos do contrato.

No procedemento negociado será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

O órgano de contratación poderá articular o procedemento negociado en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas a negociar mediante a aplicación dos criterios de adxudicación sinalados no anuncio de licitación ou no prego de condicións, indicándose nestes si se vai facer uso desta facultade. O número de solucións que cheguen ata a fase final deberá ser o suficientemente amplo como para garantir unha competencia efectiva, sempre que se presentaran un número suficiente de solucións ou de candidatos/as axeitados/as.

Durante a negociación, o órgano de contratación velará porque todos/as os/as licitadores/as reciban igual trato. En particular non facilitarán, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados/as licitadores/as con respecto ao resto.

O órgano de contratación negociará cos/as licitadores/as as ofertas que estes presentaran para adaptalas aos requisitos indicados no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio de licitación, no seu caso, e nos posibles documentos complementarios, co fin de identificar a oferta economicamente máis vantaxosa.

No expediente deberá deixarse constancia dos convites cursados, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

E) Diálogo competitivo

82. Remisión ás regras do TRLCSP.

Será aplicable aos procedementos de diálogo competitivo o disposto nos artigos 179 a 183 do TRLCSP.

F) Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos

83. Remisión ás regras do TRLCSP.

Será aplicable aos concursos de proxectos o disposto nos artigos 184 a 188 do TRLCSP.



VI. RACIONALIZACIÓN TÉCNICA DA CONTRATACIÓN.

84. *Sistemas para a racionalización da contratación.*

Para racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos a Fundación poderá concluír acordos marco, articular sistemas dinámicos, ou centralizar a contratación de obras, servizos e subministracións en servizos especializados.

Os sistemas para a racionalización da contratación deberán axustarse ás disposicións do Título II do Libro III do TRLCSP para a adxudicación de contratos suxeitos a regulación harmonizada.

85. *Acordos marco.*

Será aplicable a regulación establecida nos artigos 196 e seguintes do TRLCSP.

86.. *Sistemas dinámicos de contratación.*

Será aplicable a regulación establecida nos artigos 190 e seguintes do TRLCSP.

87. *Centrais de contratación.*

A Fundación poderá adherirse aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas Administracións Públicas a través da conclusión do correspondente acordo na forma prevista no TRLCSP

VII. EFECTOS E EXTINCIÓN DOS CONTRATOS.

VII.1. NORMAS XERAIS.

VII.1.1. Efectos dos contratos.

88. *Réxime xurídico.*

Os efectos dos contratos celebrados pola Fundación, como contratos privados, rexeranse polo dereito privado e polos pregos de condicións e de prescricións técnicas.

89. *Reserva no contrato do dereito potestativo de modificación e resolución.*

O órgano de contratación reservarase expresamente nos pregos, ou cando estes non sexan necesarios, no contrato, a facultade de modificalos por razóns de interese público así como dalos por resoltos, de acordo co establecido nas presentes instrucións.

No procedemento que se siga para a adopción do acordo relativo á modificación do contrato ou ao exercicio da facultade de resolución deberá darse audiencia ao/á contratista.



VII.1.2. Execución dos contratos.

90. Execución defectuosa e demora.

Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto deste ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se establecesen. Estas penalidades, que deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía, non poderán ser superiores ao 10 por 100 do orzamento do contrato.

Establecerase nos pregos que o/a contratista estará obrigado/a a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Fundación.

Nos pregos establecerase que cando o/a contratista, por causas imputables a este/a, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Fundación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo as especiais características do contrato, se considere necesario para a súa correcta execución e así se xustifique-no expediente.

Farase constar nos pregos que cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

A Fundación terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do/a contratista dos prazos parciais, cando se preve no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

Cando o/a contratista, por causas imputables a este/a, incumprira a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Fundación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, se determinen no prego de cláusulas administrativas particulares.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do/a responsable do contrato, si se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao/á contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non se poidan deducir das mencionadas certificacións.



91. Resolución por demora e prórroga dos contratos.

No suposto a que se refire o número anterior, se a Fundación optase pola resolución esta deberá acordarse polo órgano de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do/a contratista.

Se o atraso fose producido por motivos non imputables ao/á contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos dándolle prórroga do tempo que se lle sinalara, concederase pola Fundación un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o/a contratista pedise outro menor.

92. Indemnización de danos e perdas.

Establecerase nos pregos que será obriga do/a contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

Cando tales danos e perdas sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Fundación, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas leis. Tamén será a Fundación responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto elaborado por esta no contrato de obras ou no de subministración de fabricación.

93. Principio de risco e ventura.

Establecerase nos pregos que a execución do contrato se realizará a risco e ventura do/a contratista, sen prexuízo do pactado nas cláusulas de repartición de risco que se inclúan nos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

94. Pagamento do prezo.

O/a contratista terá dereito ao abono da prestación realizada nos termos establecidos no contrato conforme ao prezo convidado.

O pagamento do prezo poderá facerse de xeito total ou parcial, mediante abonos a conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipulasen.

O/a contratista terá tamén dereito a percibir abonos a conta polo importe das operacións preparatorias da execución do contrato e que estean comprendidas no obxecto deste, nas condicións sinaladas nos respectivos pregos, debéndose asegurar os referidos pagamentos mediante a prestación de garantía.

A Fundación terá a obriga de aboar o prezo no prazo establecido no prego ou no contrato, dende a data da expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Este prazo non poderá ser superior ao prazo de 30 días que establece a Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, salvo que consideradas todas as circunstancias do caso, entre elas, a natureza do produto ou servizo, a prestación por parte do/a debedor/a de



garantías adicionais e os usos habituais do comercio, o establecemento dun prazo superior non teña carácter abusivo en prexuízo do acredor. Estas circunstancias deberán ser especialmente motivadas pola Fundación no expediente de contratación.

Se o pagamento se demorase, a Fundación deberá aboar ao/á contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo, os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Nos pregos ou contratos poderán establecerse cláusulas sobre as consecuencias da demora que difiran en canto ao tipo legal de xuro de demora establecido con carácter subsidiario na lei indicada cando concorran iguais circunstancias ás indicadas no apartado anterior e igualmente se motive no expediente de contratación.

Cando non proceda a expedición de certificación de obra e a data de recibo da factura ou solicitude de pagamento equivalente se preste a dúbida ou sexa anterior á recepción das mercadorías ou á prestación dos servizos, o prazo contarase dende a devandita data de recepción ou prestación.

95. Transmisión dos dereitos de cobramento.

Os/as contratistas que teñan dereito de cobramento fronte á Fundación, poderán ceder o mesmo conforme a Dereito.

Establecerase nos pregos que para que a cesión do dereito de cobramento sexa efectiva fronte á Fundación, será requisito imprescindible a notificación fidedigna a este do acordo de cesión.

VII.1.3. Modificación dos contratos.

96. Modificacións dos contratos.

Os contratos so poderán modificarse cando así se estableza nos pregos ou no anuncio de licitación ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 ~~cuáter~~ do TRLCSP. Esta posibilidade ten que estar detallada de forma clara, precisa e inequívoca das condicións en que poderá facerse uso dela, así coma o alcance e os límites das modificacións con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que poida afectar como máximo e o procedemento que teña que seguirse. As modificacións non poderán afectar ás condicións esenciais do contrato.

As modificacións do contrato deberán formalizarse por escrito.

VII.1.4. Extinción dos contratos.

97. Cumprimento dos contratos e recepción da prestación.

Os pregos establecerán que o contrato se entenderá cumprido polo/a contratista cando este realice, de acordo cos seus termos, a totalidade da prestación.

En todo caso, a súa constatación esixirá por parte da Fundación un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do



obxecto do contrato, ou no prazo que se determine no prego de condicións por razón das súas características.

Nos pregos e nos contratos fixarase un prazo de garantía a contar da data de recepción ou conformidade, transcorrido o cal sen obxeccións por parte da Fundación, salvo os supostos en que se estableza outro prazo noutras normas, quedará extinguida a responsabilidade do/a contratista. Exceptúanse do prazo de garantía aqueles contratos en que pola súa natureza ou características non resulte necesario, o que deberá xustificarse debidamente no expediente de contratación, consignándoo expresamente no prego.

Agás nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235 TRLCSP, dentro do prazo dun mes, a contar dende a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao/á contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, no seu caso, o saldo resultante. Si se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o/a contratista terá dereito a percibir os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

98. Causas de resolución dos contratos.

Estableceranse nos pregos como causas de resolución do contrato as seguintes:

- A morte ou incapacidade sobrevida do contratista individual nos supostos nos que non fose posible a continuación do contrato cos herdeiros ou sucesores daquel ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
- Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou co resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes deste. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, continuará o contrato coa entidade resultante ou beneficiaria, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes deste, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación.
- A declaración de concurso ou a declaración de insolvencia en calquera outro procedemento.
- O mutuo acordo.
- A demora no cumprimento dos prazos por parte do/a contratista.
- A demora no pagamento por parte da Fundación por prazo superior ao establecido nos pregos.
- O incumprimento das restantes obrigas contractuais esenciais, cualificadas como tales nos pregos ou no contrato.
- Outras establecidas expresamente no contrato.



- As que se sinalen especificamente para cada categoría de contrato nestas instrucións.

99. Aplicación das causas de resolución.

Nos pregos establecerase que a declaración de insolvencia en calquera procedemento e, en caso de concurso, a apertura da fase de liquidación, darán sempre lugar á resolución do contrato. En caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, a Fundación potestativamente continuará o contrato se o/a contratista prestase as garantías suficientes a xuízo daquel para a súa execución.

Nos restantes casos, a resolución poderá instarse por aquela parte á que non lle sexa imputable a circunstancia que dera lugar a esta, sen prexuízo de que, nos supostos de modificacións que excedan o 20 por 100 do prezo inicial do contrato, a Fundación tamén poida instar a resolución.

100. Efectos da resolución.

Os pregos farán constar expresamente que cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do/a contratista, este deberá indemnizar á Fundación os danos e prexuízos ocasionados. A indemnización farase efectiva, en primeiro termo, sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do/a contratista no que se refire ao importe que exceda do da garantía incautada.

VII.1.5. Cesión dos contratos e subcontratación.

101. Cesión dos contratos.

Os pregos establecerán que os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo/a adxudicatario/a a un terceiro, sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, aplicándose os requisitos establecidos no artigo 226 TRLCSP.

102. Subcontratación.

O/a contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, salvo que o contrato ou os pregos dispoñan o contrario ou que pola súa natureza e condicións se deduza que aquel debe ser executado directamente polo/a adxudicatario/a. A celebración dos subcontratos someterase nos pregos ao cumprimento dos requisitos e réxime indicados no artigo 227 TRLCSP.



VII.2. NORMAS ESPECIAIS PARA CONTRATOS DE OBRAS, CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA, XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS, SUBMINISTRACIÓNS, SERVIZOS E DE COLABORACIÓN ENTRE O SECTOR PÚBLICO E O SECTOR PRIVADO.

VII.2.1. Contrato de obras.

103. Réxime aplicable ao contrato de obras.

Nos pregos dos contratos de obras estableceranse regras análogas ás indicadas no TRLCSP en canto a: A comprobación do reformulo (229 TRLCSP); execución das obras e responsabilidade do/a contratista (230 TRLCSP); certificacións e abonos a conta (232 TRLCSP), sen prexuízo da posibilidade de establecer o sistema de retribución a tanto alzado aplicando o réxime do artigo 233 TRLCSP; modificación do contrato de obras (234 TRLCSP), sendo competente o órgano de contratación para acordar o establecido no número 4 do precepto; recepción e prazo de garantía (235 TRLCSP); responsabilidade por vicios ocultos (236 TRLCSP); causas de resolución e efectos (237, 238 e 239 TRLCSP)

VII.2.2. Contrato de concesión de obra pública.

104. Réxime aplicable ao contrato de concesión de obras.

Nos pregos dos contratos de concesión de obras procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 240 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas no artigo 249 que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve a Fundación nos pregos e contrato.

VII.2.3. Contrato de xestión de servizos públicos.

105. Réxime aplicable ao contrato de xestión de servizos públicos.

Nos pregos dos contratos de xestión de servizos públicos procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 276 e seguintes, salvo o referido aos poderes de policía e as prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve a Fundación nos pregos e contrato.

VII.2.4. Contrato de subministración.

106. Réxime aplicable ao contrato de subministración.

Nos pregos dos contratos de subministración procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 290 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve a Fundación nos pregos e contrato.



VII.2.5. Contrato de servizos.

107. Réxime aplicable ao contrato de servizos.

Nos pregos dos contratos de servizos procurarase o establecemento de regras análogas ás indicadas no TRLCSP nos artigos 310 e seguintes, salvo o referido ás prerrogativas indicadas para as administracións públicas que se substituirán polos dereitos potestativos e facultades que se reserve a Fundación nos pregos e contrato.

En particular, estableceranse un réxime contractual e cláusulas de salvagarda tendentes a evitar que á extinción dos contratos de servizos se produza a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante.

A autorización excepcional de contratos de servizos por un prazo de vixencia superior a catro anos prevista no artigo 303.1 TRLCSP poderá ser autorizada polo órgano de contratación.

VII.2.6. Contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

108. Réxime aplicable aos contratos de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Estarase para a celebración destes contratos ao disposto nos artigos 313 e 314 do TRLCSP.

VIII. Contratación no exterior.

1. Os contratos que se formalicen e executen no estranxeiro, sen prexuízo de ter en conta os principios do TRLCPS para resolver as dúbidas e lagoas que, na súa aplicación, poidan presentarse, rexeranse polas seguintes normas:

A formalización dos contratos corresponderá ao Director da Fundación.

Os artigos 316 a 319 do TRLCPS serán de aplicación en canto á tramitación, autorización no seu caso, adxudicación, modificación e resolución destes contratos.

- a. Sen prexuízo dos requisitos de capacidade que poidan esixir as Leis do Estado no que se celebre o contrato, para empresas de Estados membros da Comunidade Europea estarase ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- b. O prego de cláusulas administrativas particulares poderá ser substituído polo propio clausulado do contrato.
- c. Sen prexuízo do establecido para os contratos menores, os contratos poderán adxudicarse por procedemento negociado, debendo conseguirse, sempre que sexa posible, ao menos tres ofertas de empresas capaces de cumprir os mesmos.
- d. A formalización levarase a cabo mediante documento fidedigno, remitindo os datos destes contratos á Consellería de Facenda aos efectos previstos no artigo 333 do TRLCPS, sen prexuízo da obriga da remisión ao Tribunal de Contas prevista

no artigo 29 do mencionado texto. En canto aos contratos menores estarase ao disposto con carácter xeral para os mesmos no TRLCPS.

- e. Ao adxudicatario se lle poderán esixir unhas garantías análogas ás previstas nese Texto para asegurar a execución do contrato, sempre que elo sexa posible e adecuado ás condicións do Estado no que se efectúa a contratación e, no seu defecto, as que sexan usuais e autorizadas en dito Estado ou resulten conformes coas prácticas comerciais internacionais. As garantías constituiranse na Delegación da Fundación en Bruxelas ou, no caso de que a contratación se realice dende a sede de Santiago, nesta.
- f. O pagamento do prezo condicionarase á entrega polo contratista da prestación convenida, salvo que se opoña a elo o dereito ou as costumes do Estado, en cuxo suposto deberase esixir garantía que cubra o anticipo, prestada na forma prevista na letra f). Excepcionalmente, por resolución motivada do órgano de contratación, e cando as circunstancias así o impoñan, poderá eximirse da prestación desta garantía, sempre que elo sexa conforme coas prácticas comerciais internacionais.
- g. Nestes contratos procurarase incluír estipulacións tendentes a preservar os intereses da Fundación ante posibles incumprimentos do contratista e a autorizar as modificacións do contrato que poidan facerse convenientes.
- h. Polo órgano de contratación poderá establecerse na documentación contractual un réxime de revisión de prezos diferente ao previsto con carácter xeral no TRLCPS, atendendo á lexislación do país no que haxa de executarse o contrato e as súas circunstancias socioeconómicas. En calquera caso, o réxime de revisión de prezos que se estableza basearase en parámetros obxectivos e, a ser posible, públicos ou, cando menos, facilmente medibles, podendo utilizarse a estes efectos os calculados por Organismos Internacionais.

2. Nos contratos con empresas españolas incluíranse cláusulas de submisión aos Tribunais españois.

3. Nos contratos con empresas estranxeiras procurarase, cando as circunstancias o aconsellen, a incorporación de cláusulas tendentes a resolver as discrepancias que poidan xurdir mediante fórmulas sinxelas de arbitraje. Igualmente procurarase incluír cláusulas de submisión aos Tribunais españois. Nestes contratos poderase transixir previa autorización do Director da Fundación.

4. As regras contidas neste apartado non obstan para que, nos contratos suxeitos a regulación harmonizada que se formalicen e executen nos restantes Estados membros da Comunidade Europea, deban cumprirse as normas do TRLCPS referentes á publicidade comunitaria e aos procedementos de adxudicación dos contratos.

5. Os contratos formalizados no estranxeiro que deban executarse total ou parcialmente en España e que estean vinculados directamente á realización de programas ou proxectos de cooperación en materia cultural ou de investigación ou de cooperación ao desenvolvemento, poderán adxudicarse por procedemento negociado sen publicidade e con suxeición ás condicións libremente pactadas pola Administración co contratista estranxeiro, cando a intervención deste sexa absolutamente indispensable para a execución do proxecto ou programa, por requirilo así as condicións de participación nos programas ou proxectos de cooperación, e así se acredite no expediente.



6. Os documentos contractuais e toda a documentación necesaria para a preparación, adxudicación e execución dos contratos deberá estar redactada en castelán, idioma ao que, no seu caso, deberán traducirse dende o idioma local que corresponda. Non obstante, polo órgano de contratación e baixo a súa responsabilidade poderán aceptarse, sen necesidade de tradución ao castelán, os documentos redactados en inglés ou en francés, que surtirán os efectos que correspondan. A aceptación de documentos redactados en outras linguas poderá acordarse singularmente para cada contrato polo órgano de contratación mediante resolución motivada e baixo a súa responsabilidade. Nestes casos, garantirase a dispoñibilidade da tradución ao castelán dos documentos redactados en lingua estranxeira, a efectos de fiscalización do contrato.